



**CAPACIDADES, SI MOITAS**  
**Roteiro sensorial**  
*Concellería de Educación (Soutomaior)*

**DATA:** DOMINGO 5 DECEMBRO 2021

**HORARIO:** 11 A 13.30 H

**Inicio:** 11.00 h Arcade

**Fin:** 13.30 h Arcade

**BREVE DESCRICIÓN:**

Roteiro sensorial moi divertido e lúdico para percorrer Arcade falando da integración e adaptación das persoas con diversidade funcional no día a día. Por medio de diferentes situacións nas que os sentidos xogarán un papel moi importante percorrерemos os espazos urbanos facendo un percorrido que terá outra visión, outro tacto, outro olor, outras formas de relacionarnos co entorno e coas demais persoas.

**METODOLOXÍA:**

Dividiremos o grupo de participantes en dous grupos de 16 persoas cada un. Cada grupo irá acompañado de dous monitores/as cos que realizarán un percorrido diferente, onde traballaremos a nosa integración e coñecemento do entorno máis próximo a nós a través da “observación dos sentidos”.

Mesturando sensacións, emocións e superacións que axudaran a valorar as nosas capacidades e potenciais de cara a afrontar diversas situacións e a percibir con moita máis empatía, atención e reflexión todo o que nos rodea. Ao longo do percorrido valoraremos como vai sendo a nosa adaptación a estas situacións tan alleas ou descoñecidas para nós e coñecer máis sobre as diversidades funcionais.

Un dos grupos sairá da Praza de Talo Río e o outro do Peirao, ao lado da caseta de información.

Hora de saída: 11:00 horas.

Hora de chegada ao punto de inicio: 13:30 horas.

Materiais necesarios: roupa cómoda e calzado para camiñar.

Comunicarase a cada persoa en que grupo está e cal será o seu punto de inicio cando remate o prazo de inscrición.

**CARACTERÍSTICAS:** Dificultade baixa.

**TEMPO ESTIMADO:** 2,30 h



**PRAZAS:** 32

**IDADES:** todas. Ter en conta a tipoloxía da actividade. As persoas menores de 10 anos deberán vir acompañadas dunha persoa adulta

**CUSTE:** de balde.

**DOCUMENTACIÓN:** ficha de inscrición (xa enviada en liña).

**INSCRICIÓN:** ATA 30 DE NOVIEMBRE EN LIÑA a través da web:

<https://www.gabinetsoutomaior.com/index.php/inscripciones-menu/inscripciones-en-lina>

**Material recomendado para realizar a actividade:**

- Roupa adecuada á meteoroloxía (ter en conta que haberá zonas de exposición ao vento, ao sol e que se vai á beira do río e pode haber zonas asolagadas).
- Calzado adecuado para camiñar, con sola forte e rugosa.
- Roupa axeitada ao día: chubasqueiro (se chove ou fai vento); pantalón cómodo, camiseta térmica (se fai frío)...
- É recomendable levar unha pequena mochila con auga para a camiñata, comida (tanto para a parada de descanso a medio camiño como para o xantar) ou outras cousas que se consideren necesarias tendo en conta cada roteiro.

- IMPORTANTE:** Recordamos que os/as guías son titulados/as e a actividade realizarase baixo unha póliza de R. Civil e accidentes derivados da organización do evento pero non dos accidentes provocados por outros motivos. Si se produce algún cambio na organización comunicarémolo o antes posible a cada participante.

**Máis información** na OMIX no teléfono 986 700 822 ou en [educacion@soutomaior.com](mailto:educacion@soutomaior.com)

**OBSERVACIÓNS COVID-19:** co fin de adaptarnos á normativa e facer a actividade máis segura durante a actividade teremos que levar a máscara posta cando non se poidan manter as distancias de seguridade establecidas. Hai que levar máscara de protección individual durante a actividade.